

OFERTA DE EMPREGO PARA RECENTEMENTE EGRESADOS/AS EN ECONOMÍA, CC EMPRESARIAIS, ADE E DEREITO

CONTRATO INDEFINIDO

Banking Sales Graduate Programme

Interesados/as, SOLICITAR o emprego a través da ligazón: <https://bit.ly/3042cvR>

REQUISITOS

Persoa recentemente egresado/a (nos últimos 5 anos) e con formación universitaria na Empresa, Economía ou Dereito (sen excluír formación noutros ámbitos).

Inglés: nivel mínimo B2

Requírese: cidadanía UE

Valores: compartidos coa empresa (compromiso, non conformista, profesionalidade, eficiencia, empatía, franqueza).

CONTRATO INDEFINIDO

Salario fixo inicial: 29.000 euros (cunha estrutura variable en función da posición que ocupes).

Produtos e servizos financeiros exclusivos para persoas empregadas da entidade: préstamos a interese do 0%, hipoteca, plan de pensións, seguros e compensación flexible.

COMPETENCIAS

- Desenvolvemento comercial e identificación das necesidades definindo solucións a medida.
- Construción dun fondo relacional e de comercio, captando e consolidando a túa carteira de clientes.
- Aprendizaxe con profesionais que son referentes no sector bancario a nivel nacional e mundial.
- Desenvolvemento de novas habilidades para conseguir unha carreira exitosa.
- Anticipación, asesoramento e acompañamento á clientela.
- Traballo en equipo.
- Deseño ese camiño con varias pezas dentro do programa: un completo plan de acollida, formación e acompañamento á túa medida, para axudarche a medrar e consolidarte no Banco.

Incorporación: entre os meses de abril e setembro de 2021.

Duración: 2 anos e a partir de aquí, desenvolverás un Plan de Carreira Profesional xestionando clientes no noso banco.

Segundo o teu perfil e postos dispoñibles, incorporaraste nun posto dentro do ámbito comercial.

As prazas ofertadas ubícanse na Comunidade de Madrid.

Terás ao teu alcance unha ampla oferta formativa, oportunidades de desenvolvemento da túa carreira e mobilidade dentro do Grupo. A meritocracia e o crecemento son as bases do progreso das persoas no banco.

Aprenderás da man dos mellores profesionais da Rede de oficinas.

Ampliarás a túa rede de contactos a través da colaboración e os espazos de networking.